



DE PRESIDENTE DE PLATAFORMA A => TRADERS, COOPERATIVAS, FLOTAS, AXENCIAS E OPERADORES RESPONSABLES, DO SECTOR DO TRANSPORTE DE MERCANCIAS POR ESTRADA DA UNION EUROPEA, ESPAZO DO TRATADO DE SCHENGEN E COMUNIDADE DE ESTADOS INDEPENDENTES.

Estimados Compañeiros:

Os transportistas Españois de mercancías por estrada, agrupados nunha PLATAFORMA física e dixital, ante a gravísima crise e ruína do noso sector, democraticamente, declaramos PARO TOTAL e absoluto para todas as actividades de transporte de mercancías no territorio de ESPAÑA.

O paro é de carácter indefinido mentres o Goberno de ESPAÑA non atenda as esixencias básicas dos transportistas Españois, sinaladas na seguinte dirección de Internet:
www.transportes.org/puntos-de-reivindicacion

O paro comeza a partir das cero horas do venres seis de xuño de 2008. Dito doutra forma: un minuto logo das doce da noite do xoves día 5 de Xuño.

A partir desa data e hora:

- Desaconséllase intentar cargar en calquera parte do territorio de España.
- Aconséllase tolerar a circulación para vehículos en tránsito que se dirixan ao seu punto de descarga.

Pasado o venres seis de xuño, a situación de PARO INDEFINIDO terá vixencia absoluta, para CARGAS E DESCARGAS en todo o territorio de ESPAÑA.

Desde PLATAFORMA desexamos resaltar que se trata dun paro pacífico. Desaconsellamos, rexeitamos e repudiamos calquera acción violenta. Non se permitirá atribuír a PLATAFORMA, calquera suceso orixinado por axustes de contas ou rifas persoais.

Os COMUNICADOS OFICIAIS DE PLATAFORMA emitiranse unicamente desde www.transportes.org

Rogamos encarecidamente non facer caso a rumores, bulos, mentiras e intoxicacións.

Confiar só na vosa propia organización PLATAFORMA.

O noso respecto e saúdos a todos os Profesionais do Transporte.

Aproveito para enviarvos un forte abrazo.

Manuel Nuñez
Presidente de PLATAFORMA
Fax: 982.398.239 – adsl Rural: 982.398.210
Tlfs: 648.260.561– 648.260.562
Crta.Nal.VI. 27370 Baamonde – Lugo
www.transportes.org

Lugo, 26 de Maio de 2.008